



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

### DECLARACIÓN DE BENS E ACTIVIDADES DOS REPRESENTANTES PÚBLICOS

O Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión ordinaria realizada o 26 de marzo de 2015 adoptou, en materia de declaracións de bens e actividades dos integrantes da Corporación, os seguintes acordos:

"(...) Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por doce votos a favor, o que representa a unanimidade dos/as señores/as Concelleiros/as dos grupos municipais do PP, do PSdeG-PSOE, mixto (AldeG) presentes na sesión, e do señor concelleiro non adscrito, adoptando os seguintes acordos:

**1).**- Aprobar os modelos anexos de declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos (Rexistro de Actividades) e sobre bens e dereitos patrimoniais (Rexistro de Bens Patrimoniais).

**2).**- En ausencia de estatuto municipal (instrumento inexistente na normativa vixente), determinar que a publicidade anual das declaracións efectuadas se realizará mediante anuncios fixados no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello que lembrarán o carácter público de tales declaracións e a súa posta a disposición dos interesados para o seu acceso a elas nos termos legais. A tales efectos e, sen prexuízo da obriga de comunicar toda variación que se produza ao longo do mandato no prazo dun mes dende o seu acontecemento, no mes de maio de cada ano lembrarase aos/as señores/as Concelleiros/as, a necesidade de manifestaren declaracións anuais confirmando as iniciais ou indicando as variacións producidas, e os devanditos anuncios fixaranse durante quince días do mes de xuño de cada ano -e en todo caso, tamén no intre de finalización do mandato- aos efectos indicados (sen prexuízo de que o acceso aos rexistros será permanente durante todo o mandato).

**3).**- A devandita forma de publicidade haberá de adaptarse ao establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dentro do prazo indicado na súa Disposición Final Novena, e ao que regulen as normas que se diten en desenvolvemento de tal Lei."

En cumprimento do establecido nos artigos 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, e do texto vixente do artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con carácter previo á sesión constitutiva da Corporación (mandato 2015-2019), realizada o 13 de xuño de 2015, todos/as os/as Concelleiros/as formularon as correspondentes declaracións, segundo os modelos aprobados polo Pleno do Concello na súa sesión do 26 de marzo de 2015.